

**INSTRUCCIÓN DA XERENCIA DO 12 DE XUÑO DE 2020
SOBRE OS SERVIZOS DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
E DA ÁREA DE BENESTAR, SAÚDE E DEPORTE NA
TERCEIRA FASE DO PROTOCOLO DE RETORNO Á
ACTIVIDADE PRESENCIAL ESTABLECIDA NA
RESOLUCIÓN REITORAL DO 13 DE MAIO.**

En data 27 de maio de 2020 ditouse a instrución da xerencia pola que se desenvolve a segunda fase do protocolo aprobado por resolución reitoral do 13 de maio que establece o retorno á actividade presencial na Universidade de Vigo e as medidas de prevención asociadas fronte ao COVID-19. Os puntos cuarto e quinto desta instrución establecían as condicións da actividade da biblioteca universitaria e das instalacións deportivas.

A referida instrución foi obxecto de modificación pola instrución da xerencia do 1 de xuño, no relativo aos servizos autorizados en bibliotecas.

Tendo en conta a evolución das circunstancias derivadas da emerxencia sanitaria, sen prexuízo das normativas ditadas polo Ministerio de Sanidade para flexibilizar determinadas restricións establecidas pola declaración do estado de alarma, de cara ao inicio da terceira fase de retorno á actividade presencial establecida no protocolo aprobado por resolución reitoral do 13 de maio, no concernente aos servizos de biblioteca e de deportes, é polo que esta xerencia dispón:

PRIMEIRO.- Servizos autorizados en bibliotecas.

Poderán acceder ás bibliotecas da Universidade exclusivamente o PDI, PAS, alumnado de doutoramento e alumnado que estea a realizar o TFM ou o TFG.

Así mesmo poderá acceder o alumnado da Universidade de Vigo aos servizos de devolución de obras e préstamo baixo demanda, sen acceso directo aos fondos.

Servizos que poden prestarse, condicionados á concertación de cita previa cos responsables das bibliotecas:

- Devolución de obras.
- Préstamo baixo demanda, sen acceso directo aos fondos: as obras serán solicitadas polas persoas usuarias e proporcionadas polo persoal de biblioteca.
- Información bibliográfica e bibliotecaria.

- Lectura e consulta, con previa cita. Terá unha limitación ao 50% da capacidade da sala, garantindo a distancia interpersonal entre usuarios/as de dous metros. Os usuarios/as terán que cumprir as medidas hixiénicas que lles indiquen.
- Calquera outro servizo que a dirección da biblioteca considere que pode prestarse cumprindo as medidas de prevención exixidas.

SEGUNDO.- Instalacións deportivas.

Procederase á apertura das instalacións deportivas ao aire libre, podendo acceder ás mesmas a comunidade universitaria da Universidade de Vigo.

Tamén poderán acceder aquelas persoas que sen pertencer á comunidade universitaria, están vencelladas á Universidade de Vigo pola súa pertenza a seccións ou clubs federados da universidade ou teñan acceso ás instalacións deportivas universitarias en virtude de convenios ou acordos subscritos con outras entidades ou institucións.

A actividade deportiva requirirá a concertación de cita previa cos responsables das instalacións. Para iso, organizaranse quendas horarias entre as 9 e as 19 horas, fóra das cales non se poderá permanecer nas instalacións.

Só se permite a práctica deportiva individual ou aquelas prácticas que se poidan desenvolver por un máximo de dúas persoas no caso de modalidades así practicadas, sempre sen contacto físico mantendo as debidas medidas de seguridade e protección, e en todo caso, a distancia social de seguridade de dous metros. Así mesmo, respectarase o límite do 50% de capacidade de aforo de uso deportivo en cada instalación, tanto no relativo ao acceso, como durante a propia práctica, habilitándose un sistema de acceso que evite a acumulación de persoas e que cumpra as medidas de seguridade e protección sanitaria.

En ningún caso se abrirán aos usuarios/as os vestiarios e as zonas de ducha.

A xerenta
Raquel M. Souto García
(documento asinado dixitalmente)